Escoita con atención as presentacións dos compañeiros e das compañeiras, e valora con argumentos o seu traballo.	
Avalía, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal.	
Identifica e valora as aprendizaxes realizadas.	
Valora con criterio e respecto o traballo das outras persoas.	
Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social.	

### TERCER TRIMESTRE

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	Ponderación
Usa internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información.	3
Utiliza internet valorando as características deste medio en relación a aspectos como a permanencia, a fiabilidade, a veracidade, a organización, a selección, a gratuidade, a dispoñibilidade, a autoría, etc.	3
Establece un sistema de procura eficaz de información.	3
Utiliza palabras clave e aplica estratexias eficaces de procura para localizar información na web.	3
Identifica produtos informativos diferentes en función das súas necesidades e dos seus obxectivos de traballo.	3
Emprega prensa e revistas dixitais como fonte informativa.	3
Intervén nas redes sociais creadas no seu centro respectando as finalidades para as que foron creadas: educativa, participativa, etc.	3
Navega por internet con seguridade preservando a súa identidade e a súa privacidade.	3
Distingue webs fiables en función de determinados criterios: autoría, data de actualización, tipo de dominio, finalidades, publicidade, contacto, etc.	3
Emprega as creacións colectivas en internet: Wikipedia, Galipedia, etc.	3
Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede.	3
Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases.	3
Elabora un esquema do traballo que se vaia realizar.	3
Escoita aos integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas.	3
Contribúe á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden.	3
Formula preguntas sobre o tema sobre o que se vaia investigar.	3
Concreta os conceptos clave que van guiar o traballo de procura de información	3
Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos.	3
Localiza os recursos dispoñibles e acordes á súa necesidade informativa.	3
Concreta o proceso de procura de información	3
Escolle os recursos informativos que precisa de forma eficaz.	3

<b>ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE</b>	<b>Ponderación</b>
Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.	3
Participa na presentación oral dos traballos elaborados.	3
Defende con argumentos as opinións propias e respecta o traballo alleo.	16
Escoita con atención as presentacións dos compañeiros e das compañeiras, e valora con argumentos o seu traballo.	
Avalía, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal.	
Identifica e valora as aprendizaxes realizadas.	
Valora con criterio e respecto o traballo das outras persoas.	
Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social.	

## **7.4 TIC 4ºESO**

### **PRIMER TRIMESTRE**

<b>ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE</b>	<b>PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>CUALIFICACIÓN</b>
Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.	Observación directa e traballos prácticos	As actividades se puntúan sobre 10, cada unha segundo a súa rúbrica.
Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.		
Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.		
Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.		
Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.	Realización de tarefas	Supoñen un 60% da nota.O 40% restante é das notas das probas realizadas.
Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.		
Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.		
Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.		
Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.		
Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.		
Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.	Realización de tarefas	As actividades non entregadas descuentan 0,5 puntos, ata un máximo de 3 puntos. As actividades as entregadas fora de prazo descuentan 0,25 ata un máximo de 3 puntos.
Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.		

### **SEGUNDO TRIMESTRE**



ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	
Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.	Observación directa e probas escritas	As actividades se puntúan sobre 10, cada unha segundo a súa rúbrica.
Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.		
Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.		
Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.		
Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido	Realización de tarefas	Supoñen un 60% da nota. O 40% restante é das notas das probas realizadas.
Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.		
Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.	Observación directa e probas	As actividades non entregadas descuentan 0,5 puntos, ata un máximo de 3 puntos. As actividades as entregadas fora de prazo descuentan 0,25 ata un máximo de 3 puntos.
Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.		
Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.		
Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.	Observación directa e tarefas realizadas	
Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.		

### TERCEIRO TRIMESTRE

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.	Observación directa e tarefas realizadas	As actividades se puntúan sobre 10, cada unha segundo a súa rúbrica.
Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.		
Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.		
Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.	Realización de tarefas	Supoñen un 60% da nota. O 40% restante é das notas das probas realizadas.
Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.		
Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar		

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CUALIFICACIÓN
materiais propios e enlazalos noutras producións.		ata un máximo de 3 puntos. As actividades as entregadas fora de prazo descuentan 0,25 ata un máximo de 3 puntos.

### 7.5 TIC 1º BACHARELATO

TRIMESTRE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	Cualificación
1º	Describe as diferenzas entre o que se considera sociedade da información e sociedade do coñecemento.	Realiza un documento de texto onde explica estas diferenzas. Responde correctamente as preguntas formuladas polo profesor.	As actividades se puntúan sobre 10, cada unha segundo a súa rúbrica.  Supoñen un 60% da nota.  O 40% restante é das notas das probas realizadas.  As actividades non entregadas descuentan 0,5 puntos, ata un máximo de 3 puntos. As actividades as entregadas fora de prazo descuentan 0,25 ata un máximo de 3 puntos.
	Explica cales son os novos sectores económicos que apareceron como consecuencia da xeneralización das tecnoloxías da información e da comunicación	Realiza unha presentación de sete diapositivas enumerando os diferentes sectores e profundando nun deles. Expón en modelo Pecha Kucha a súa presentación	
	Deseña bases de datos sinxelas e/ou extrae información, realizando consultas, formularios e informes.	Realiza todas as actividades de aula relacionadas co estándar e acada un 4 nas rúbricas. As entrega en prazo. Resolve correctamente unha proba trimestral	
	Elabora informes de texto que integren texto e imaxes, aplicando as posibilidades das aplicacións e tendo en conta o destinatario.	Realiza todas as actividades de aula relacionadas co estándar e acada un 4 nas rúbricas. As entrega en prazo. Resolve correctamente unha proba trimestral	
	Elabora presentacións que integren texto, imaxes e elementos multimedia, adecuando a mensaxe ao público obxectivo ao que se destina.	Realiza todas as actividades de aula relacionadas co estándar e acada un 4 nas rúbricas. As entrega en prazo. Resolve correctamente unha proba trimestral	
	Resolve problemas que requiran a utilización de follas de cálculo, xerando resultados textuais, numéricos e gráficos.	Realiza todas as actividades de aula relacionadas co estándar e acada un 4 nas rúbricas. As entrega en prazo. Resolve correctamente unha proba trimestral	
	Deseña elementos gráficos en 2D e 3D para comunicar ideas.	Realiza todas as actividades de aula relacionadas co estándar e acada un 4 nas rúbricas. As entrega en prazo. Resolve correctamente unha proba trimestral	

TRIMESTRE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	Cualificación
	Realiza pequenas películas integrando son, vídeo e imaxes, utilizando programas de edición de ficheiros multimedia.	Realiza todas as actividades de aula relacionadas co estándar e acada un 4 nas rúbricas. As entrega en prazo.	

TRIMESTRE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	Cualificación
2º	Describe as características dos subsistemas que compoñen un computador identificando os seus principais parámetros de funcionamento.	Presentación de diapositivas que inclúa tanto os subsistemas como os parámetros. Expón en modelo Pecha Kucha a súa presentación	As actividades se puntúan sobre 10, cada unha segundo a súa rúbrica.  Supoñen un 60% da nota..  O 40% restante é das notas das probas realizadas.  As actividades non entregadas descontan 0,5 puntos, ata un máximo de 3 puntos. As actividades as entregadas fora de prazo descontan 0,25 ata un máximo de 3 puntos.
	Realiza esquemas de interconexión dos bloques funcionais dun computador e describe a contribución de cada un ao funcionamento integral do sistema.	Fai un esquema con Free Mind coas relacións adecuadas entre os subsistemas e os parámetros de funcionamento. Presenta o esquema adecuadamente e o insire en diferentes tipos de documentos.	
	Describe dispositivos de almacenamento masivo utilizados en sistemas de computadores, recoñecendo a súa importancia na custodia da información.	Táboa con hiperenlaces aos diferentes medios de almacenamento. A táboa é clara e doada de comprender. Os enlaces son fichas elaboradas por eles	
	Describe os tipos de memoria utilizados en computadores, analizando os parámetros que as definen e a súa achega ao rendemento do conxunto.	Presentación de diapositivas que inclúa tanto os subsistemas como os parámetros. Expón en modelo Pecha Kucha a súa presentación	
	Elabora un diagrama da estrutura dun sistema operativo relacionando cada parte coa súa función.	Fai un esquema con Free Mind no que relaciona as partes dos sistemas operativos e as súas funcións. Presenta o esquema adecuadamente e o inserta en diferentes tipos de documentos.	
	Deseña elementos gráficos en 2D e 3D para comunicar ideas.	Utiliza basicamente el LibreCAD	
	Realiza pequenas películas integrando son, vídeo e imaxes, utilizando programas de edición de ficheiros multimedia.	Presenta unha composición con Flixtime, Movie Maker, e Openshot .	
	Desenvolve algoritmos que permitan resolver problemas aritméticos sinxelos, elaborando os correspondentes diagramas de fluxo.	Utiliza o programa DIA para facer diagramas de fluxo	

TRIMESTRE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	Cualificación
	Debuxa esquemas de configuración de pequenas redes locais, seleccionando as tecnoloxías en	Utiliza diversas ferramentas para explicar as estruturas das diferentes redes. As explica aos seus compañeiros.	As actividades se puntúan sobre 10, cada unha segundo

TRIMESTRE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	Cualificación
3º	función do espazo físico dispoñible.		a súa rúbrica. Supoñen un 60% da nota. O 40% restante é das notas das probas realizadas. As activiades non entregadas descuentan 0,5 puntos, ata un máximo de 3 puntos. As actividades as entregadas fora de prazo descuentan 0,25 ata un máximo de 3 puntos.
	Realiza unha análise comparativa entre os tipos de cables utilizados en redes de datos.	Presentación de diapositivas que inclúa dita comparativa. Expón en modelo Pecha Kucha a súa presentación	
	Realiza unha análise comparativa entre tecnoloxía con fíos e sen eles, e indica posibles vantaxes e inconvenientes.	Presentación de diapositivas que inclúa dita comparativa. Expón en modelo Pecha Kucha a súa presentación	
	Explica a funcionalidade dos elementos que permiten configurar redes de datos, indicando as súas vantaxes e os seus inconvenientes principais.	Presentación de diapositivas con os diferentes elementos e funcionalidade. Expón en modelo Pecha Kucha a súa presentación	
	Elabora un esquema de como se realiza a comunicación entre os niveis OSI de dous equipamentos remotos.	Coñece o protocolo OSI e os seus sete niveis e os sabe representar. Expón en modelo Pecha Kucha a súa presentación	
	Escribe programas que inclúan bucles de programación para solucionar problemas que impliquen a división dun conxunto en partes máis pequenas.	Fai diagramas de fluxo con bucles, de diferentes situacións propostas	
	Obtén o resultado de seguir un pequeno programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións.	Coñece o Psent e resolve algún problema.	
	Define o que se entende por sintaxe dunha linguaxe de programación e propón exemplos concretos dunha linguaxe determinada.	Recoñece os elementos básicos nunha linguaxe de programación.	
Realiza programas de aplicación sinxelos nunha linguaxe determinada que solucionen problemas da vida real.	Realiza todas as actividades de aula relacionadas co estándar e acada un 4 nas rúbricas. As entrega en prazo. Resolve correctamente unha proba trimestral		

## 7.6 TIC II

### PRIMER TRIMESTRE

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN	CUALIFICACIÓN
Explica as estruturas de	Coñece os diferentes tipos de datos	As actividades se

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN	CUALIFICACIÓN
almacenamento para diferentes aplicacións tendo en conta as súas características.		<p>puntúan sobre 10, cada unha segundo a súa rúbrica.</p> <p>Supoñen un 60% da nota.</p> <p>O 40% restante é das notas das probas realizadas.</p> <p>As actividades non entregadas descontan 0,5 puntos, ata un máximo de 3 puntos.</p> <p>As actividades as entregadas fora de prazo descontan 0,25 ata un máximo de 3 puntos.</p>
Elabora diagramas de fluxo de mediana complexidade usando elementos gráficos e relacionándoos entre si para dar resposta a problemas concretos.	Diagramas de fluxo	
Elabora programas de mediana complexidade definindo o fluxograma correspondente e escribindo o código correspondente.	Pseudocódigo	
Descompón problemas de certa complexidade en problemas máis pequenos susceptibles de seren programados como partes separadas.	Descompón os problemas en partes	
Obtén o resultado de seguir un programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións.	Programas realizados	
Optimiza o código dun programa dado aplicando procedementos de depuración.		

## 2ºTRIMESTRE

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN	CUALIFICACIÓN
Deseña páxinas web e blogs con ferramentas específicas analizando as características fundamentais relacionadas coa súa accesibilidade e a súa usabilidade, tendo en conta a función á que está destinada.	Blog realizado	50,00%
Elabora traballos utilizando as posibilidades de colaboración que permiten as tecnoloxías baseadas na web 2.0.	Colaboracións feitas	30,00%
Explica as características relevantes da web 2.0 e os principios en que esta se basea.	Enumera as características	20%

## TERCER TRIMESTRE

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN	CUALIFICACIÓN
Selecciona elementos de protección de software para internet relacionándoos cos posibles ataques.	Coñece elementos de protección	<p>As actividades se puntúan sobre 10, cada unha segundo a súa rúbrica.</p> <p>Supoñen un 60% da nota.</p> <p>O 40% restante é das notas das probas realizadas.</p> <p>As actividades non entregadas descontan 0,5 puntos, ata un máximo de 3 puntos.</p> <p>As actividades as entregadas fora de prazo descontan 0,25 ata un máximo de 3 puntos</p>
Elabora un esquema de bloques cos elementos de protección física fronte a ataques externos para unha pequena rede, considerando os elementos de hardware de protección	Exercicios	
Clasifica o código malicioso pola súa capacidade de propagación e describe as características de cada un, indicando sobre que elementos actúan.	Recoñece o código malicioso	
Elabora un esquema de bloques cos elementos de protección física fronte a ataques externos para unha pequena rede, considerando tanto os elementos de hardware de protección como as ferramentas de software que permiten protexer a información.	Exercicios	
Elabora programas de mediana complexidade utilizando contornos de programación.	Programas realizados	

## 7.7 ROBÓTICA

TRIMESTRE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	Cualificación
1	Identifica aplicacións dos robots e describe a forma na que resollen os problemas para os que se deseñaron.	<p>As actividades se puntúan sobre 10, cada unha segundo a súa rúbrica.</p> <p>Supoñen un 60% da nota.</p> <p>O 40% restante é das notas das probas realizadas.</p> <p>As actividades non entregadas descontan 0,5 puntos, ata un máximo.</p>
	Identifica os principais tipos de robots e describe as súas aplicacións.	
	Explica o funcionamento dos sensores e actuadores máis habituais	
	Identifica as características técnicas do controlador utilizado e os portos de comunicación.	
	Conecta sensores e actuadores coa unidade de control.	
	Elabora algoritmos que resollen problemas utilizando diagramas de fluxo.	
2	Analiza diagramas de fluxo e interpreta as instrucións que describen.	<p>As actividades se puntúan sobre 10, cada unha segundo a súa rúbrica.</p>
	Identifica as partes dun sistema robótico e describe a súa función no conxunto.	
	Deseña programas con estruturas de control, de almacenamento de datos e funcións.	

	Realiza programas que controlan as saídas en función das entradas de acordo coas condicións establecidas.	Supoñen un 60% da nota. O 40% restante é das notas das probas realizadas. As actividades non entregadas descuentan 0,5 puntos, ata un máximo.
	Programa unidades de control para controlar dispositivos ou sistemas robóticos.	
	Deseña e planifica a construción dun sistema robótico que resolva un problema determinado.	
	Desenvolve un programa para controlar un sistema robótico de acordo coas especificacións previamente establecidas.	
	Realiza as probas necesarias para verificar o funcionamento dos programas e montaxes.	
	Realiza as modificacións necesarias para a optimización do funcionamento.	
3	Elabora a documentación necesaria para a planificación e construción e programación do prototipo.	As actividades se puntúan sobre 10, cada unha segundo a súa rúbrica. Supoñen un 60% da nota. O 40% restante é das notas das probas realizadas. As actividades non entregadas descuentan 0,5 puntos, ata un máximo.
	Utiliza a información dispoñible en internet e respecta os dereitos de autoría.	
	Publica documentación do proxecto realizado.	
	Selecciona o tipo de licenza adecuado para compartir a información.	

### **7.8 REALIZACIÓN IRREGULAR DE PROBAS.**

No caso de que se detecte a algún alumno que realice unha proba de xeito irregular, procederase como segue:

- Se se atopa consultando algún tipo de apuntamento, en calquera soporte, retiraráselle a proba, que será cualificada cun cero.

- Se se detecta algunha consulta a un compañeiro, procederase como segue:

1ª vez: amoestación verbal e baixada dun punto na proba.

2ª vez: amoestación verbal e retirada do exame.

Isto aplicarase tanto a quen realiza a consulta como a quen a recibe, no caso de que a atenda.

Cando exista a sospeita fundada de que se consultaron apuntamentos ou compañeiros ao realizar unha proba, aínda que isto non se detectara durante o desenvolvemento da mesma, a profesora poderá facer unha proba de contraste, que trate dos contidos obxecto da sospeita.

### **7.9.- SISTEMAS EXTRAORDINARIOS DE AVALIACIÓN**

Para aqueles alumnos que por diversas causas non poidan acudir á clase, arbitraranse os seguintes sistemas de avaliación:

- Realizar traballos por escrito.
- Realizar traballos prácticos ou proxectos.

- Realizar exames extraordinarios, orais ou escritos.

Estas medidas aplicaranse aos contidos que o alumno perdeuse, sexa un tema, varios temas, unha avaliación ou varias. Queda ao criterio do profesor a elección dun ou de varios dos instrumentos de avaliación dispoñibles.

#### **7.10.- CRITERIOS DE RECUPERACIÓN**

Cando un alumno non acade o 5 tras a ponderación da avaliación dos diferentes estándares de aprendizaxe, terá que facer a proba de recuperación correspondente, na data que o profesor estime conveniente en base ás circunstancias do momento. O alumno ten que chagar a conseguir os graos mínimos esixidos.

En xuño poderán realizar unha recuperación global da materia os alumnos que non chegaran ao grao mínimo de consecución.

Por outra parte, os alumnos que non acaden os graos mínimos de consecución deberán examinarse por escrito de toda a materia na convocatoria de setembro, quedando ao criterio do Departamento se, nalgún caso, é preciso ademais realizar algún tipo de traballo práctico ou proba práctica de informática.

As memorias individuais e traballos que non acaden o mínimo esixible terán que ser repetidos e corrixidos ao longo do curso.

#### **7.11.- CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN**

Nos casos no que o equipo docente teña que decidir sobre a promoción ou non ao seguinte curso, ou a adquisición do título de graduado en ESO, o departamento considerará cada situación independentemente doutras que poidan parecer similares e escoitará aos profesores que cualificaron negativamente ao alumno para emitir a súa opinión, sen atender a outro tipo de presión que puidera existir allea ao equipo docente.

### **8) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**

ACTIVIDADE	INDICADORES DE LOGRO
Planificación	<ul style="list-style-type: none"><li>• Planifica a práctica docente tendo en conta os estándares de aprendizaxe.</li><li>• Realiza a temporización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo.</li><li>• Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo.</li><li>• Planifica as clases de maneira aberta e flexible.</li><li>• Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos para desenvolver a práctica docente na aula-taller.</li><li>• Prepara o material e guións das prácticas e proxectos que se desenvolverán na aula-taller.</li><li>• Establece criterios, procedementos e instrumentos de avaliación correlacionados cos estándares de aprendizaxe</li><li>• Coordínase co profesorado de doutros departamentos.</li></ul>
Motivación do alumnado	<ul style="list-style-type: none"><li>• Dá a coñecer a planificación da práctica na aula-taller proporcionando unha visión de conxunto ao comezo de cada bloque de contidos e de cada sesión de traballo.</li><li>• Establece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído dentro e fóra da aula-taller.</li><li>• Proporciona ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe.</li><li>• Desenvolve actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novos.</li><li>• Fomenta un bo ambiente na aula-taller.</li><li>• Promove a participación activa do alumnado.</li></ul>



ACTIVIDADE	INDICADORES DE LOGRO
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos.</li> <li>• Relaciona os contidos, os proxectos e as actividades cos intereses do alumnado.</li> <li>• Organiza a aula-taller para que o alumnado dispoña de espazo e recursos na realización de prácticas e proxectos.</li> <li>• Evita a repetición de proxectos a fin de introducir elementos novos que motiven ao alumnado.</li> </ul>
Traballo na aula-Taller	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Resume e repasa ao comezo de cada sesión os contidos xa traballados en sesións anteriores.</li> <li>• Utiliza exemplos na introdución de novos contidos.</li> <li>• Resolve as dúbidas do alumnado dentro e fóra das sesións de traballo.</li> <li>• Establece tempos fóra das sesións de traballo para atender ao alumnado.</li> <li>• Utiliza diferentes soportes durante as sesións de traballo.</li> <li>• Selecciona prácticas, proxectos e actividades en xeral que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave.</li> </ul>
Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias.</li> <li>• Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios probas e actividades en xeral.</li> <li>• Establece medidas que permitan introducir melloras.</li> <li>• Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos indicando os aspectos nos que o alumnado pode e debe introducir melloras.</li> <li>• Proporciona indicacións durante a realización do traballo práctico na aula-taller.</li> <li>• Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de tarefas que se desenvolven durante as sesións de traballo.</li> <li>• Favorece os procesos de autoavaliación.</li> <li>• Propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe.</li> <li>• Establece con claridade os criterios de avaliación e de puntuación.</li> <li>• Informa ao alumnado e ás súas familias dos resultados obtidos.</li> </ul>

### **9) ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.**

En cada trimestre se repartirán boletíns entre o alumnado, para que ao facelos poida recoñecer as súas dificultades e pedir axuda á profesora, que os orientará, normalmente nos tempos de lecer, ao carecer de horario específico para facelo . En febreiro e maio haberá unha proba na que os alumnos que teñan entregados os boletíns necesitaran un 3,5 para superalas e os demais un 5. O alumnado que supere a proba en febreiro, terá superada a área pendente.

### **10) ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO.**

Este curso, o departamento só oferta dúas optativas en 1º de Bach:

- TIC, que pola natureza dos seus contidos é ofertable en todos os itinerarios.
- Robótica, aínda que máis ben encamiñado para alumnos con inquietudes científicas, a apertura promovida polo decreto, fixo que decidíramos ofertala a todo o alumnado interesado.

TIC, é este o primeiro curso que terá continuidade en Bacharelato e, en consecuencia o primeiro ano no que un alumno terá que demostrar os seus coñecementos para poder cursar 2º, sen ter cursado primeiro. A idea é facer unha proba similar ao exame de setembro e traballar durante o

curso nas tarefas do curso da Aula Virtual do centro correspondente á materia de 1º Bach fora de horario lectivo, pero respectando prazos de entrega.

## **11) DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.**

As vantaxes dun centro con poucos alumnos é que os coñecemos a todos. Se, como é o caso, o departamento é unipersoal e a profesora do curso anterior vai ser o deste, pouco hai xa que no coñezamos e no caso de 3º ESO, non é preciso facer ningún tipo de avaliación para saber o nivel de partida.

En 2ºESO, por ser unha materia nova, si que poñemos unha proba inicial, coa que temos unha idea dos coñecementos da materia en xeral, aínda que temos por norma partir do nivel máis baixo e ir subindo pouco a pouco.

No caso de TIC, facemos por costume un cuestionario inicial, aínda que é a práctica diaria a que nos indica cal é o nivel real do alumnado en cada contido, pois poden darse as dúas situacións extremas: pensar que dominan ou pensan que son especialmente negados. Facemos especial fincapé en que valoren de xeito realista as súas posibilidades en cada tema.

É especial o caso de Robótica, que por ser unha área nova o nivel é o mesmo: cero, o que supón un reto e, ao tempo, unha ilusión para a docente.

## **12) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

De haber alumnado con altas capacidades ou con dificultades ou problemas de aprendizaxe por motivos motóricos, sensoriais, de desenvolvemento ou socioculturais, serán atendidos polo profesorado do departamento. Dependendo de cada caso, lévase a cabo unha atención individualizada (reforzos educativos e adaptacións curriculares) ou elabóranse programas específicos de intervención, evitando, na medida do posible as ACIs, por impedir que os alumnos poidan ter o título de graduado en ESO.

## **13)ELEMENTOS TRANSVERSAIS .**

Os temas transversais están , ou deben estar presentes en todas as actividades que nel se levan a cabo. Pero nas conmemoracións especiais tratamos os temas de xeito especial:

- *25 de Novembro: Día internacional contra a violencia de xénero.* As actividades deste día soen estar coordinadas polo equipo directivo, máis desde a área aportamos unha loita diaria pola **igualdade efectiva de homes como mulleres**, facendo grupos heteroxéneos en xénero, poñendo exemplos de mulleres de profesións tradicionalmente de homes e exemplos de homes en profesións tradicionais de mulleres. Asignando, se é preciso a distribución de tarefas dentro dos grupos.
- *Do 1 ao 11 de decembro: Constitución e Estatuto de Autonomía de Galicia.* En este tempo eliximos diferentes artigos da Constitución e do Estatuto e os alumnos fan unha presentación con cinco diapositivas, nas que inclúen estes con imaxes evocativas. O facemos a modo de concurso, e coas mellores facemos unha composición que posteriormente será traballada polos alumnos de TIC, para presentar na revista do centro. Contamos tamén coa axuda do departamento de Ciencias Sociais, para elixir os artigos máis axeitados aos principios de liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia.

- *10 de decembro: Día da declaración dos dereitos humanos.* Temos unha árbore na que poñemos, dunha banda, a verde, agasallos alegóricos a palabras como solidariedade, liberdade, xustiza, igualdade, paz, pluralidade. Doutra, a marrón, refugallos con palabras como exclusión social, guerra, desigualdade, inxustiza...
- *8 de marzo: Día internacional da muller.* En terceiro da ESO trataremos de homenaxear á ferrolá Ángela Ruiz, inventora do que poderíamos chamar precursor do wikipedia.
- *15 de marzo: Día dos dereitos do Consumidor:* Fomentamos o consumo responsable desde o primeiro orzamento de pezas, estudamos as pezas comerciais para cortalas do xeito que máis aproveitemos o material e o traballo.
- Do 7 ao 11 de marzo, a semana da prensa, imos traballar en artigos para a revista do centro, da que este ano esperamos que saía un segundo número dixital.
- 7 de abril, día mundial da saúde: Ao longo do curso o departamento de orientación organiza charlas sobre as adiccións adolescentes. Nos traballaremos a educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, con recompilación periodística de accidentes da zona e análise da cadea de erros para chegar ao accidente.
- *Do 18 ao 22 de abril, o día do libro.* Relatos curtos nos que se describa con detalle un aparello tecnolóxico escritos en diferentes épocas, para poder facer comparativas co momento actual.
- *9 de maio.* Día de Europa. Europa no Mundo: Visión crítica do proceder de Europa fronte aos fenómenos mundiais de fame, guerra, inxustizas.
- *Do 9 ao 17 de maio.* Semana das Letras Galegas. Este ano en na honra de Manuel María. Centrarémonos no súa faceta etnográfica e no *Auto do mariñeiro*.
- *5 Xuño. Día mundial do Medio Ambiente.* Se as condicións meteorolóxicas o permiten, baixaremos a praia para coller materiais, separalos segundo a súa natureza, pesalos, dimensionalos e calcular a súa densidade.

#### **14) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Data	Actividade	Descrición	Alumnado
1º Trimestre	Semana da Ciencia	Mostra para a nosa comunidade educativa de tecnoexperiencias	2º e 3º ESO
	Galiciencia	Mostra autonómica de proxectos	Voluntario
	Xeometría da Natureza	Concurso a nivel autonómico feito desde as aulas. Colaboramos co departamento de Plástica e de Bioloxía	Alumnado de TIC (o curso pasado foi suspendido)
	Ano europeo da Luz	Mostra no Ágora de experiencias científicas e tecnolóxicas relativas á luz	2º, 3º e 4º ESO
	CSI: Santiago	Conferencia de Doctor Carracedo sobre os avances forenses.	1º Bacharelato.
2º Trimestre	Codealo	Concurso de programación Arduino a nivel autonómico feito desde as aulas	Alumnado de Robótica
	A Maxia da Robótica	Concurso con Robot LEGO organizado por Educa Barrié a nivel Galicia	2ºESO, 3º ESO, 4ºESO1º Bach
3º Trimestre	Concurso Scratch	Condición necesaria para a Actividade do plan Proxecta: Aprende programando	2ºESO

	Museo da Historia Naval	Visita guiada	2º e 3º ESO
Todo o curso ( Tres sesións)	Aulas Ecoloxía Urbana	Actividades proporcionadas polo Concello de Ferrol	2º e 3º ESO

Trataremos de visitar os batáns do Mosquetín, no concello de Vimianzo ou os batáns de Taramundi, con instalacións similares e en colaboración co departamento de Física e Química.

En TIC procuraremos participar nas diferentes iniciativas a nivel nacional que se van concretando ao longo do curso.

En xeral, o departamento trata de incentivar aos seus alumnos a participar en todo tipo de actividades extraescolares e de facilitar a súa realización, colaborando activamente nas que é convidado por outro departamento, ou a comunidade educativa en xeral.

### **15) MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

Ata febreiro do curso pasado este centro tiña certificado de calidade, polo que as actividades de aula se avaliaban cada trimestre segundo modelo. Aínda que agora xa non temos certificación por acordo de Claustro, o departamento seguirá a levar a cabo esta avaliación.

Ademais, o departamento realizará a avaliación en base a :

- Experiencia de cursos anteriores, recollida na memoria final.
- Contacto con outros centros de ensino ou compañeiros nos cursiños e xornadas nas que participamos, tanto dos CFRs como de APETEGA.
- Porcentaxe de alumnos que acadan os graos mínimos esixibles ao finalizar o curso académico.

Un resumo da presente programación será colocada na aula do curso correspondente. Nela constarán os criterios mínimos esixibles así como os procedementos de cualificación, unha vez a programación sexa aprobada pola Inspección educativa, aparecerá na web do centro.

As modificacións que ao longo do curso poidan suceder serán debidamente xustificadas nos informes mensuais e na memoria do departamento.

Ferrol a 20 de Outubro de 2016  
A xefa de departamento de Tecnoloxía:

Asdo:

Mª de los Ángeles Ruiz-Matas García